

Camiño Fisterra-Muxía

Ao longo da Idade Media, e ata ben entrado o século XVI, foron moitos os peregrinos que, despois de chegar a Santiago, continuaron a súa viaxe ata os santuarios marianos de Muxía e de Nosa Señora das Areas, onde se custodia o Santo Cristo de Fisterra.

Este Camiño levaba a moitos peregrinos europeos, que na súa maioría nunca viran o mar, ata a fin do mundo coñecido, lugares de gran beleza vinculados ás tradicións xacobeas da evangelización e a *Translatio*.

En Muxía presentáraselle a Virxe María ao Apóstolo, para o animar na súa misión evangelizadora, mentres que as terras que conducen ao *Finisterrae*, sobre todo Negreira e Duio, estaban relacionadas coas peripecias vividas polos discípulos de Santiago, segundo o relato da translación do Libro III do *Codex Calixtinus*.

Contan que os discípulos de Santiago chegaron á praia de Langosteira, non moi afastada do cabo de Fisterra, situada entre as parroquias de San Vicente de Duio e San Martín de Duio, para ver ao rei de Dugium e solicitarlle un lugar para sepultura do Apóstolo, tal e como lles encomendou a raiña Lupa.

Os peregrinos que visitaban o cabo do fin do mundo tamén facían parada en Santa María das Areas de Fisterra, construída a fins do século XII e remodelada entre 1350-1400, época na que tamén se constrúe San Marcos de Corcubián. Os que preferían visitar o santuario da Virxe da Barca en Muxía podían solicitar a hospitalidade do mosteiro de Moraimo.

Ata a Reforma luterana, a maior parte dos estranxeiros continuaba ata algún destes santuarios, visitados en época barroca sobre todo por feis galegos, como proban os hospitais de peregrinos destas rutas. Romarías locais que volveron integrarse na corrente internacional xacoba, reactivada no século XVII, como testemuña o relato do peregrino boloñés Domenico Laffi.

A atracción que exercen estes santuarios do litoral non se explica sen aplicar as claves sensibles que afectan á relixiosidade popular e ao espírito de devoción e misterio que impregna todo o relacionado co camiño de Santiago.

• Camiño de Fisterra-Muxía CAMIÑO DE SANTIAGO



📍 Programación Camiño de Fisterra-Muxía

14 de setembro/ 20.00 h

AMES

📍 Praza da Mahía

Isabel Risco e Fran Rei

“Dous no camiño”

16 de setembro/ 20.00 h

NEGREIRA

📍 Parque do Coto

Isabel Risco e Fran Rei

“Dous no camiño”

19 de setembro/ 20.00 h

SANTIAGO DE COMPOSTELA

📍 Praza das Praterías

Isabel Risco e Fran Rei

“Dous no camiño”

Caxade

“E isto é o amor”

21 de setembro/ 20.00 h

SANTA COMBA

📍 Campo da Feira

Isabel Risco e Fran Rei

“Dous no camiño”

22 de setembro/ 20.00 h

MAZARICOS

📍 Campo da Feira da Picota

Isabel Risco e Fran Rei

“Dous no camiño”

23 de setembro/ 20.30 h

CEE

📍 Praza do Concello

Isabel Risco e Fran Rei

“Dous no camiño”

24 de setembro/ 20.00 h

CORCUBIÓN

📍 Campo do Rollo

Isabel Risco e Fran Rei

“Dous no camiño”

28 de setembro/ 20.00 h

DUMBRÍA

📍 Instalacións do Conco

Isabel Risco e Fran Rei

“Dous no camiño”

29 de setembro/ 20.00 h

MUXÍA

📍 Praza do Cabo da Vila

Isabel Risco e Fran Rei

“Dous no camiño”

1 de outubro/ 20.00 h

FISTERRA

📍 Praza da Constitución

Isabel Risco e Fran Rei

“Dous no camiño”

Caxade

“E isto é o amor”



Fisterra. Praia da Langosteira